



ANXO IGLESIAS

## Morreu Laxeiro, o pintor do humor e do horror galegos

Foi soterrado aos sons da *Marcha do Antigo Reino de Galiza*

⇒ X.C.

Na tardiña do Domingo 21, morría en Vigo, aos 88 anos de idade, o pintor de Lalín Xosé Otero Abeledo, *Laxeiro*. Aínda non hai moitas semanas inaugurábase no Centro de Arte Contemporáneo unha antoloxía da súa obra, que aínda coa presenza de obras menores, serviu como homenaxe final ao entrañábel home, galego de cerna, que deixa o vacío que producen os grandes artistas.

Luis Seoane, outro dos grandes da pintura galega, definía con pericia hai anos a personalidade galeguísima de Laxeiro, "en literatura Valle-Inclán, Prudencio Canitrot, un escritor esquecido, e antes Neira de Mosquera, ou Ojea, outros esquecidos, como Castelao máis tarde, souberon manifestar antes que Laxeiro o humor e o horror galegos, pero en pintura ninguén atinxiu a revelalo como Laxeiro". A descripción de Seoane é certa, porque ademais coñeceu ben ao personaxe, durante anos afincado en Buenos Aires.

Laxeiro tiña un trato amábel, sempre disposto á solidariedade, comprometido. Esa atitude, que prolongou sempre, manifestouse en múltiples ocasións e fixo que desde hai anos os seus cumpreanos fosen unha verdadeira festa.

Vivia en Vigo, onde o seu camiño característico, tocado de chapeu, facendo tertulia na Cafetería Goya e levedando a todos coa súa alegría, non foi detida pola enfermidade. Completouse así unha biografía humana e artística que só recibiu gabanzas.

O retrato artístico perfilábase con nitidez un Seoane que se amosaba xeneroso na súa análise: "Nas coincidencias de Laxeiro co primeiro informalismo europeo norteamericano está a procura dun expresionismo irónico e desgarrador, o pracer do artista pola independencia expresiva dos propios materiais, no seu caso o óleo e a acuarela, ou as tintas, o gosto por unha paleta xorda onde se destacan o negro e as terras, e polo abocetamento (...). Para algúns que coñecemos a obra de Laxeiro, este entóntrase entre o grupo de artistas solitarios que atoparon no seu propio camiño de traballo un dos estilos da nosa época".

Unha conferencia de Laxeiro

Vivindo en Bos Aires, onde pasou longas tempadas, Laxeiro deu unha conferencia o 11 de Outubro do 1962 no Centro Bazar, no que deixaba algunhas das súas ideas sobre arte e pintura. Daquela amosábase comprometido coas súas ideas de progreso

cando afirmaba como colofón, "agardemos que axiña desapareza do espazo a ameazadora interrogación do fungo atómico, deixando paso a unha nova sociedade na que o artista será máis libre que os cazadores de renos das covas de Altamira".

O motivo primitivo tíñalle servido para ensarillar as súas ideas. "Non sei o que un pintor podería expresar falando. Qixen dicir que o home coa palabra nunca poderá abri-lle ás xentes a xanela pola que se olla a auténtica pintura. Un pintor auténtico é toda unha vida esgotada na procura do seu mundo plástico; é un home nun bosco descubrindo flores silvestres ou nunha enorme montana procurando pedras preciosas, até morrer insatisfeito.

»Houbos uns homes libres que descoñeceron a xeira da explotación do home polo home. Estes vivieron ao mundo en plena natureza, á luz do día ou no interior dunha cova; alimentados pola caza e a pesca, único traballo e deporte que facían, quedándolles moito tempo libre chegaron a ser os grandes mestres do debuxo e da cór (...). A aquel home de antes do home débense as grandes obras de debuxo e cór das covas de Altamira, as que seguiron e seguirán a ser en todos os tempos lección de recreación e síntese,

manantio aberto para os ollos dos eleitos, os ollos do auténtico artista, eses ollos que miran cara fóra e cara dentro de si mesmo, os ollos do xénio criador».

Mais adiante Laxeiro explicábase sobre a súa posición ante as modas e a tiranía do mercado á hora de marcar os camiños da arte, con afirmacións que non perderon vixencia apesar de ter pasado 34 anos:

«A maioría da xente estase quedando vacía; non ten mundo propio. Se o tiña, esqueceu, ou mellor dito, matárono obsesionados polo que está de moda. E se non miren vostedes o panorama pictórico: vellos e mozos facendo os mesmo acenos. Aquí xa non se sabe quen é quen; hai exposicións colectivas que as pode asinar un López e as xentes que as visiten dirán: *Canto traballou López!*».

»O pintor profundo presinte que a farsa está chegando ao fin. Pensen que esta é a era da psicanálise. O home psicanálzase porque non quer ser el, tense medo a si mesmo, estórballe o seu eu, a súa loita é desfacerse del, é unha especie de demo pequeniño que lle molesta. Daquela tenta mudar de personalidade, pasa a ser un home "vivo" cun cadavre dentro. Por iso, en todo o que fai e cria, está máis presente a morte que a vida»♦

PILAR PALLARÉS

Nos últimos tempos xa se vai tornando habitual ouvir falar dunha xeración poética dos 90 diferenciada e mesmo contraposta a que se deu a coñecer na década anterior. Poesía dos 80, poesía dos 90: rótulos, epígrafes, clasificacións; fórmulas para a crítica lacaceira, os temarios de oposición, o mercado. Ou máis ben para unha crítica literaria que abandona a análise e a reflexión para se confundir coa simple divulgación, como tan atinadamente advertía a portuguesa Isabel Allegro de Magalhães hai unhas semanas. Unha divulgación mascarada de labor crítico que adoita ter detrás intereses económicos ou ideolóxicos, o que case sempre ven sendo o mesmo.

Hai evidentemente novos poetas nestes 90; o que está por ver é que haxa unha nova poesía e que esta coincida con fronteiras tan arbitrarias como as da cronoloxía. Moitos dos chamados poetas dos 80 están a criar agora a súa mellor obra. Abonda pensar en Xavier Seoane, Baixeras, Cesáreo Sánchez Iglésias, Cáccamo, Xúlio Valcárcel... Noutros casos trata-se dun proceso apenas iniciado. Que son tres, catro libros nunha vida? Que son quince anos nunha literatura? Vilanova, Paulino Vázquez, Víctor Vaqueriro, Pexegueiro han ter con certeza moito que dizer nesta década.

Que fai de Lois Pereiro un poeta da xeración do 80? Cal a diferenza entre a súa Poesía última de amor e enfermidade e a que fan "os novos"? Menos compromiso, menos experimentación, menos radicalidade? Máis? En realidade o que salienta na poesía de Lois non é o compartir os trazos dunha ou outra xeración, senón a súa seriedade, a súa verdade — tamén estética —, o feito de pertencer a unha categoría de obras que evitan o prescindível.

Disque é normal que os novos reaxan contra os vellos. Talvez nunha cultura e nun país normais, normalizados, e creo que non é o caso; talvez cando os vellos o son realmente e pertencen a outro tempo, a outras coordenadas materiais, a outros valores éticos e estéticos. Non é un pouco anacrónico fazer cumprir o papel de "vellos" aos autores e autoras dos 80? E non só agora que algúns os queren converter en alvo da súa iconoclastía, senón tamén cando son entronizados como mestres e modelos, institucionalizados, historiados. Os mestres chaman-se Manuel Maria, Luz Pozo, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Antón Torvar, Ferrín. E outros nomes, incluídos os daqueles que nos foron arrebatados tan a destempo, como Avilés ou Carvalho. Xa veremos se os que comezamos a publicar nos 80 logramos ou meramos os nosos froitos.

O bon é que a fraga inzou con poetas moito ou algo máis xovens, despois duns anos de aparente seca. O que nos distancia e nos achega son cousas bastante máis transcendentales que as fronteiras entre décadas e as batallías entre novos e menos novos, tan de marketing. E non parece a menos irrelevante a nosa posición ante unha estrutura cultural oficial, nacida e crecida co rexime autonómico. Viver a conta dela, aproveitá-la, cuestioná-la, enfrentá-la, subvertí-la: aí está a fronteira.♦